

Os sinais de Dănuț

Gib. Mihaescu

Tradución de Sonia Sobral



OS SINAIS DE DĂNUȚ

Co abrigo polos ombreiros e coa gorra vermella na cabeza, como ía de costume ao traballo, Grigore Dănuț deu algunhas voltas á plataforma estreita e conxelada. Estaba profundamente perdido nos seus pensamentos e tan atento que se lle arricharan as orellas, coma se teimase en esclarecer os murmurios enleados no vento esgotado polo camiño e aterecido polo frío.

Os fíos do telégrafo, destrenzados nun poste alto e trememente, xuntábanse coma no pescozo da kobza nuns illadores marcados a ferro en triángulos, sobre aquela fiestra grande, dereito no medio da estación, acompañaba tamén a melodía monótona dos prantos roucos do cantante invisíbel.

Aquelas catro parellas de raís, estendidas cara adiante e desenroladas coma unhas cordas, reflectían no seu resplandor toda a xeadá dunha mañá de decembro. Alén, a tenda de mercadorías encollíase sobre si mesma por mor do áspero pesadume do frío. Na rampla, inxenuos, coma uns ovos de formigas monstruosas, varios sacos lustrosos agardaban amoreados diante do único vagón de toda a estación, abertos alí no medio cunha boca de xigante decapitado, ridiculamente petrificadas nunha convulsión suprema de gula. O outeiro alí en fronte, vestido cun manto branco e agromado arredor por árbores solitarias coma matas de pelo duns inmensos armiños, achegábase tanto pola claridade rosa da atmosfera, que semellaba que se mudara a soamente uns pasos, máis aló do derradeiro raíl.

Porén, o señor Grigore Dănuț, o xefe da estación de Bobeni, non vía nin escoitaba nada de todo isto. Tan só de vez en cando parecíalle que moi lonxe, alí de onde viña o vento, unha voz esgotada e non humana pedía cunha gran dor axuda. Agora o ollo esquerdo, que pola mañá moi cedo xa non deixara de latexar, excitábase e tamén se puña nervioso na órbita, coma se quixese saltar do seu angosto cárcere. Nunca Grigore Dănuț tivera sinais tan terribes coma neste día. Tampouco nunca os sinais o enganaran. Xa o perseguiran así despois da morte do seu primeiro fillo, e tamén o asfixiaran así na morte dos outros cinco, aos cales levou un tras doutro sobre os campos verdecentes, sementados de cruces de

madeira, do pequeno cemiterio da aldea. Aínda agora, a filla, Frosica, o motivo da súa única alegría, tiña que vir polas festas dende Craiova, da residencia, co tren do mediodía. Xa se lle apareceran, por suposto, ao señor xefe sinais sen que se producise ningún pesadume demasiado grave na casa. Mais no seu alongado costume, el aprendera a adiviñar ben, cando estes arrepiantes sinais, que o destino lle enviaba dende unha estación afastada e perdida no tempo, tiñan consecuencias funestas, tamén cando eran simples brincadeiras de mal gusto, as cales calquera subordinado do Señor podía facerlle, aproveitándose da súa inxenua credulidade.

Estes de agora semellaban dunha insistencia aínda máis desmesurada. A súa perseveranza non deixaría ningunha dúbida no corazón do señor xefe de que algo grave lle sucedera a Frosica se el non notase medrar, hoxe máis ca nunca, a indisposición coa que espertaba había dous ou tres días seguidos. O fedor das fochancas que arrodeaban a aldea, que o levaban ao cemiterio dos fillos, non se apiadaran de Dănuț tampouco. Demasiado forte para derrubalo de todo cando o invadían, aquel frío quitáballe o alento, paralizábanlle a vontade, imprimíanlle dende o fondo das alucinacións estes pensamentos máis sombríos. E Dănuț non sabía a que atribuírlle os presentimentos que o asolagaban hoxe: a este mal de fochanca, que o puña a proba de novo, ou a algúns novos inimigos da súa sorte, que se abateran sobre os seus nenos?

O señor xefe dá voltas dende a pequena revolta ata a porta, sobre a que un letreiro azul explica con letras coma a neve quen manda en todas partes: “Xefe da estación”. Ao entrar, a súa barriga chócase coa do empregado, enxoiito e esvelto, que o acolle no medio dunha nube de bafexos quentes, cunha esaxerada inclinación do lombo.

- Vén Călugărești! (Dixera isto cunha voz apurada, case incompreensible para alguén desacostumado a el). Xa dei paso hai tempo.

O xefe non responde. Pode que nin oia. A súa figura indica que se reduce tan só a un aceno de aburrimento e impaciencia. Loloi, este enxoiito empregado e cunha flexibilidade de cana en cada palabra, non lle gustaba en absoluto. Semellaba que non tiña ósos dentro. Na intimidade do seu maxín, sen compartir este pensamento coa señora Dănuț, que era rexoubeira, o xefe acumábao, o Trade. Apenas lle podía seguir a voz rápida e afiada; así coma o seu corpo esfameado, nos ollos, esta se lle cravaba no oído coma un trade.

- De Prundeni non se anunciou nada. (Continúa o empregado, con aquela soltura indiferente). Paréceme que hoxe o tren rápido vai ter moito atraso.

Dănuț mírao abraiado. Farfalla vagamente unha palabra, que nin el entende.

O empregado pensa que o señor xefe non está de boas. Baixa o banzo de pedra e faille sitio. Despois marcha ás presas cara ao almacén. Dănuț entra aínda desconcertado polas palabras do empregado e pecha a porta atrás del.

A calor mol atrápaio amigabelmente. Dubida un pouco, mirando, sen entender, cara á mesa de carballo, de debaixo da fiestra, pola que o aparato de telégrafos saltaricaba con pouca intensidade no seu estraño xogo de gnomos. Pero o martelar insistente méteselle nos tímpanos, enervándoo coa mesma obstinación perseverante coma o rápido pestanexo do seu ollo esquerdo.

Continúa entón o paseo sen interrupción, medindo con pasos longos os listóns brancos tallados pola vellez, embochados con calos negros, nos cales o po se instalara coma nunhas cicatrices. Polas bisagras das portas de atrás, o cheiro a repolo agre, a allo, a pouso de cervexa e o ruído infundado da coitela da picadora lémbrenlle de novo que aquela era a noite do nacemento do Señor.

“Poida que non sexa nada”, tranquilízase el. “Poida que me entrase un argueiro nas pálpebras”.

Párase diante dos aparatos móbiles de latón, que xa se movían violentamente dende había moito, coma asustados pola súa falta de atención.

“Teño visións sen sentido... Se estivese enferma outra vez, escribiríame a directora”.

Quixo poñerse en movemento de novo na súa andaina infinita, pero sentiu que o batelar dos pequenos cilindros de latón mostráralle algo. Achegou a orella e empezou a mover a cabeza afirmativamente.

- Vale, si, Prundeni? Chegou? Marcha! Ben, pode marchar, a estación está libre.

Pode que a súa orella acostumada non collera todo o senso da martelada se el puidese escorregarse coa rapidez coa que falaba o empregado. Pero raras, distintas e repetidas, como se sucedían, estas palabras de metal non podían deixar de atraer a atención de Dănuț, a quen esta primeira noticia o iluminaba un pouco.

Sentou con decisión, apertando enerxicamente cos tres dedos manchados de tinta violeta o pomo redondo coma unha castaña machucada do transmisor.

Coma a través do vapor dun soño, ve a súa Frosica entre viaxeiros encollidos coma sardiñas enlatadas. Frosica! Vén Frosica! Saíu de Prundeni! En trinta ou corenta minutos como moito estará aquí. Que dis ho! O tren rápido tarda pouco máis de media hora. Só ten que pasar por dúas estacións onde non para.

Abríranselle os ollos de felicidade, mais o esquerdo contraíase espasmodicamente agora con varios pestanexos asustados e doridos. Despois quedou coa mirada desencaixada e coa inmensidade dos seus ollos, Dănuț parecía que entrevía unha galiña co pescozo cortado comezando a espernear salvaxemente polo chan.

“Seguro que a rapaza está enferma”, pensa el. Entón a pálpebra esquerda respóndelle afirmativamente varias veces. O xefe permaneceu coa mirada inmóbil cara aos bechos de latón, que parecían como se se balanzasen nunha randeeira invisíbel. Coloca a gorra sobre os ollos, imaxinándoos tamén con moito coidado na parte inferior da viseira. Pareceulle entón que o seu número se duplicaba e despois se triplicaba. A mesa fíxose espazosa coma unha chaira cuberta por todos os aparatos electrónicos que saltaban cara arriba, e que despois se escondían como uns nenos travesos. Dănuț, frega os ollos que lle arden. Apalpa a fronte e sente nela pingas de suor. Ten moita calor, pero dalgunha parte do corpo estendíase, de vez en cando, por todos os membros, un calafrío alongado e desagradábel dun frío húmido.

Os ollos miraban agora cara á roda en que daba voltas a bobina de papel esgotada. Na súa cabeza, na súa mente podía ver a Frosica, no tren, na esquina do banco tremendo co frío habitual, cos ollos grandes de enfermidade, coas meixelas chuchadas e fráxiles, con pingas de suor na fronte. Os viaxeiros mirábana compasivos e preguntábanlle se podían axudala. Mais a rapaza responde batendo os dentes conxelados: “un pouco máis e xa chego a Bobeni, onda o meu papaíño”.

Dănuț arrepíase. Unha bágoa escórrelle do lacrimal dereito e baixa devagar cara á comisura dos beizos, mentres que lle latexa o ollo esquerdo, cunha regularidade sarcástica, cun ritmo obstinado. Mais as imaxes, que se sucedían na súa mente atrapada pola enfermidade, son cada vez máis curiosos.

Un arrepío nervoso sacode o corpo da rapaza e a súa cabeza cae mol sobre o ombro. “Morre, dádelles unha candeia”, berran os pasaxeiros. E un rebumbio desátase no compartimento estreito, ollos curiosos aparecían por detrás dos ombreiros interpostos, as

mans conxeladas furgaban nas maletas. O pabío da candea acendíase entre os dedos de cera.

“Un doutor, un doutor”. E balbordo e barullo, tal barullo que Dănuț non tiña como ouvir o alento pesado do tren de Călugărești, que avanzaba cara á estación de Bobeni, roto polo cansazo e pola inusual carga humana dos días de vacacións.

“Un doutor, un doutor”. O barullo de varios minutos que había fóra, na plataforma, os pitos dos sinais, os pitos da locomotora nas súas orellas tiñan completamente outro senso. Todo acontecía na cabeza de Dănuț no medio do campo raso e no outro tren, de Prundeni. Un viaxeiro máis desesperado tira da panca de alarma e o tren para no campo. “Que pasa? Que sucedeu?” “Morreu unha rapaza, unha nena” “Si, unha rapaciña da residencia”. Os viaxeiros aparecen desesperados polas fiestras. Os das escaleiras saltan saíndo de arriba e abaixo. O señor condutor corre apresurado entre os curiosos. “Que pasa? Que sucedeu?”. O barullo aumenta dun vagón a outro. “Morreu unha rapaza, unha nena”. “Ben, non pasa nada, baixámola na seguinte estación”. “Non é para tanto, así que non tiñas que tirar da panca”.

A xente fai sitio e o señor condutor métese polo medio da xente apiñada. “Onde está, para vela?”. Chegan con dificultade á porta do compartimento en que Frosica dorme o soño eterno coa súa cabeciña loira apoiada no cabezal do asento. “Ah, coñézoa”, di o señor condutor. “É a filla do xefe da estación de Bobeni, onde imos parar agora. Pobre pai!”.

Aínda os viaxeiros están moi conmovidos por este suceso. “E el espéaa polo Nadal, pobre home!”.

A porta ábrese con forza e o empregado aparece no marco, enérxico e importante.

- Señor xefe, listo! Dámoslle paso. (O señor xefe volve en si asustado. Os ollos lagriméxanlle).
- Que? Xa a trouxeron así de rápido?

Pero as palabras do empregado fixeron sitio nos pavillóns das orellas despistadas. Amontóanse alí sen sentido e enléaselle o fío dos pensamentos que tivo ata o momento.

- Damos paso, señor xefe? Penso que Prundeni está atrasado. Ou xa lle comunicaron algo dende alí?

E o empregado move unhas cantas veces impaciente a porta cara a si, mirando curioso o bafo que se precipita dende o interior e o envolve nunha nube de misterio.

Dănuț entrevé o empregado coma entre a néboa. E as súas palabras parécenlle esaxeradamente curiosas. En van buscaban un lugarciño de entendemento na súa mente alucinada.

Mirábao con ollos doutro mundo. E a corrente fría que viña de fóra pola porta entreaberta e que semellaba que saía da mesma persoa do empregado, filtralle polo corpo un fío de medo. Sorrille sen forzas, coma a un inimigo cuxo golpe queres parar grazas a un sinal de amizade.

O empregado creu entender e golpea a porta despois del, despois de que asubiara coa súa voz apresurada.

- Entón anuncie vostede a saída...

Dănuț rebole na cadeira, levantando repetidamente os ombros, coma se quixese colocar mellor o abrigo nas costas; despois apoia o queixo nos dous puños postos no bordo da mesa.

Nun momento, non lle pasa ningún pensamento polo cerebro baleiro de súpeto. Nin o ollo esquerdo se lle revolve máis na órbita e el ve completamente idiotizado polo cristal translúcido, florecido de xeo, as fiestras de diante do tren de Călugărești. Para el non era só o tren rápido de Prundeni, parado no medio do campo.

Alí estaba a súa Frosica.

Alí, a súa cabeza loira, de cera, de bonequiña, está apoiada no asento. E o señor xefe non se atreve a moverse. Outros teñen por el esta preocupación. Mais na súa mente a sucesión dos traveseiros, interrompida pola chegada do empregado, iníciase polo seu propio fío.

“Baixámola na seguinte estación. Non é un caso tan grave, así que non tiñas por que tirar da panca”.

Os sons do sinal, o asubío longo da locomotora, o tren arranca golpeando espasmodicamente, máis amodo ao comezo, despois cada vez máis rápido, coma os antollos do ollo esquerdo, que empezaran de novo: chu, chu, chu, chu, e o señor xefe observa paralizado as fiestras dos vagóns de diante, que se sucedían facilmente, ocupando lento e sen cesar, unha tras outra, o lugar da de diante.

Dănuț érguese de súpeto, atrecido por un principio vago de recordo. Os seus ollos agrándanse, coma se tivese que obxectar algo a este devir imparabile das cousas. Mais non sabe qué, precisamente, e as fiestras do vagóns móvense esvarando máis rápida e

facilmente. A derradeira desapareceu, interrompendo bruscamente o nobelo con formas estrañas humanas.

E agora o tren da imaxinación de Dănuț voa primeiro e leva cara á seguinte estación, cara ó Bobeni do señor xefe, un cadáver pequeno de meniña.

O seu corpo treme sacudido por un espasmo convulsivo. O puño de enriba permanece mol xunto ao outro, a cabeza afúndese entre os dedos, e o seu corpo retórcese en cavilacións acompasadas. Os saloucos case podían escoitarse dende debaixo da gorra vermella, infundados e contidos.

O señor xefe chora de verdade. O derradeiro neno, dos sete que tivo, mortos un tras outro pola podremia das charqueiras que están máis alá da estación de tren! E soamente por isto a afastou da escola, para librala do horroroso veneno que flotaba na atmosfera de Bobeni. Había tempo que a tombara tamén a ela o mal. Pero fora máis forte cá enfermidade. E mira!, o inimigo non se deu por vencido; agochábase no seu corpo delicado e permanecía ao axexo alí, salvaxe e cruel. Na pensión tentouse unha vez máis!

Aliviada polas bágoas, a memoria comeza a coller cor no cerebro de Dănuț. Ergueu a cabeza e agora pousouna na man apoiada na mesa de carballo.

Polo proído das bágoas, que permaneceran enchoupadas entre os xenes, el observa fóra os recordos torrados en xogos maravillosos de arco da vella.

A señora directora mandara cartas desesperadas. Dănuț chegara medio morto a Craiova. Mais nesta ocasión a rapaza vencera. Atopáraa incluso un pouco máis afouta.

Pero agora sen dúbida que non está ben! Dănuț escoita as loitas do ollo máis valente. Semellan un corazón de paxaro que se rebela medorento na man que o retén.

Atrápao de novo o cheiro a repolo agre, de allo e de pouso de cervexa. Escoitou despois voces. Mais non se esforzou para nada en entender as palabras.

Despois, da cociña saían risas. A súa muller ría co empregado. Apenas agora se distinguía: “Nadal, señorita Frosica, celebración, tan só nós, imos celebralo ben...”

Estas palabras facíanlle moito ben. Pensou en achegarse á porta e concentrar a súa esgotada atención.

Porén os aparatos derriba da mesa rebelábanse violentamente nunha curta axitación, que contrastaba claramente co seu xogo tranquilo de ata o de agora. O señor xefe volveu prestar atención. E decátase claramente agora grazas á mestura de sons marcados con

aqueles acentuados máis longos que o tren rápido de Craiova precisamente pasou polo apeadoiro veciño, Riuşor, o máis próximo das dúas estacións entre Prundeni e Bobeni, nas que non para nunca.

Involuntariamente, Dănuţ colle de novo a castaña machucada do transmisor. Estaba listo para esfarelar en liñas e puntos a pregunta que enseguida lle viñera preto dos beizos: non había unha meniña no tren rápido? Mais detívose despois do primeiro punto. Semelláballe infantil o pensamento de golpear o transmisor. De onde podería sacar o empregado de Riuşor estas cousas?

E ademais, de calquera maneira se se parase no campo, non tería que ser anunciando a Bobeni? Pois non... como.... Pero non, non todas eran alucinacións infantís.

- Alucinacións! (Rosma o señor xefe coma de costume, cando quería poñerlle punto e final a todos os pensamentos escuros que o asaltaban con furia cada vez que o ollo esquerdo empezaba a axitarse baixo a cella mesta).
- Alucinacións... Este condenado frío!

Dănuţ repréndese a si mesmo outra vez pola súa febleza insufribel, que o nubrava sempre, facéndoo con frecuencia esquecer todo o que sucedía ao seu redor. Dálle de novo un pouco de coraxe ao ánimo acosado. Mesmo así sente no fondo de todo que aínda permanece unha mancha cinsenta. Os sinais foron hoxe máis fortes ca de costume. Seguro que algo sucedeu.

Esta visión da parada do tren no campo foi tan clara, tan viva! Coma se fose un tren real o que pasou diante dos seus ollos, aparecendo entre as flores de xeo do cristal.

- Hmmm! Raro, rosma Dănuţ. Coma se fose un tren... de carne e óso. Pasaxeiros, ruído, sinais, asubios... hm, raro!... Hmmm, raro!

Leva a man á fronte, colocando facilmente a gorra ata a caluga. Despois reméxese varias veces para adaptar o abrigo nos ombreiros. Do lado, da cociña, o batifondo das voces e das risas viña moi alegre, e medraba cada vez máis. Dănuţ fregou os ollos. O esquerdo semellaba que se calmaba de todo. Acordouse das súas obrigas e acomodouse na mesa.

- Pero os de Călugăreşti, que carallo pasa que se atrasan tanto...!

E como golpeado por unha parálise inesperada, o señor xefe queda cunha man firme no baleiro, cos ollos arregalados, coa boca entreaberta. O esquerdo púxoselle impetuoso no seu movemento mortífero.

- Călugărești... non será que...? Non, non, sen dúbida que non. Todo foi un soño, unha alucinación... nada máis ca unha simple alucinación.

Dănuț salta desesperado da cadeira. El recordou que non só lle pasou unha única vez, que por causa dos sinais acabou confundindo as súas visións coa realidade. Comezou a andar como levado por un soño hipnótico cara á porta do fondo, dende a cociña.

- Loloi, Loloi, señor Loloi...

Lembraba como a través da néboa a figura do empregado o observaba interrogante. “Damos saída, señor xefe? Miercani chega con atraso”.

Dănuț bótase impulsivo sobre a porta pechada.

- Loloi, Loloi, non oes, pero non oes...
- Que, home, que sucedeu? (Pregunta dende máis aló da porta a voz feble da señora Dănuț).
- Loloi, onde está Loloi?
- Saíu agora, paréceme que foi á despensa... (Con imposibilidade, sente Dănuț, os seus beizos secos fungando eles sos).
- Mais que pasa con Prundeni, cariño? (Óese de novo a voz fráxil da señora Dănuț). Non o anuncian dunha vez? Mira, un cuarto de hora dende cando lle deches paso a Călugărești.
- Demos pa...

Non podía acabar de pronunciar Grigore Dănuț. Derrúbase sobre os aparatos, coas mans firmes, cos dedos separados, cos ollos pechados máis da conta, mais cando lembra que Riușor vai anunciar o paso do tren rápido, déixase caer mol na cadeira, despois remóvese debaixo, insensíbel, coma un feixe uniforme de mercadorías.

De acolá, na cociña, empeza, ao mesmo tempo, feble, o son da porca. Asemade, a señora Dănuț, entoa un fragmento dunha canción... Os dedos, do que se derrubou, semellaban que procuraban algo entre o po do piso. Crispábanse nos nós das táboas do chan, despois recollían as costuras do abrigo das que tiraba con desesperación. A continuación as mans, ambas as dúas, arrebolábanse como lanzadas dende un resorte sobre os ollos, tapándoos baixo os puños fortes, coma en fronte dun panorama único.

Na imaxinación de Dănuț empezaba a callar a imaxe da catástrofe. De cada volta máis clara, máis detallada. Viu a Frosica na aglomeración dos viaxeiros, fortemente axitada.

Viuna chocar coa cabeza de ferros do vagón, viuna pateada polas pernas, magullada baixo o pesadume dos obxectos espaxados, arrastrada baixo os ósos enormes. Viu o seu corpo feble en anacos mesturados con outros anacos de corpos estraños. Viu o lume, sangue, oíu berros de tristura e estoupidos de explosións.

En balde os puños de Dănuț machucaban debaixo deles os ollos aterrados. Diante deles a imaxe facíase cada vez máis lúcida, cada vez máis terríbel.

E entre os bramidos, entre os laios da morte, entre as detonacións únicas que tamén lle abouxaban a cabeza, facían sitio, de cada volta máis insistentemente, coma un canto indescribíbelmente doce, o son das campás das porcas. Despois voces humanas e de novo risos. Tamén unha batalla afervorada na porta da cociña.

- Que tes con Loloi? Mírao, veu.
- Que lle pasa comigo, señor xefe? Que vaia ao despacho?

Dănuț estremécese coma nun soño interminabelmente fondo.

- A miña filla, Frosica! (Farfalla el, denegrado polo frío).
- Anunciou, señor xefe, que saíu Călugărești? (Oése de novo a voz de Loloi).

Nun momento Dănuț sae ás carreiras. A voz do empregado fíxolle darse conta da súa responsabilidade.

- Anunciou que saíra Călugărești, señor xefe? Ou non será que...?
- Anunciei. (Mente Dănuț, sen se decatarse). Anunciei (repíte el), vostede non viu que o anunciei?

E as gadoupas cólanse despiadadamente na súa gorxa da que saían trolas así de vergoñentas.

- O verdugo, funga el regañando os dentes ameazante, coma diante dun inimigo sorprendido en plena mesquindade. Verdugo, mataches a túa filla.

Acolá, ao lonxe, no campo nevado, pareceulle escoitar o estouro característico da catástrofe. Éntranlle, de súpeto, arelas de botarse a correr coma un tolo polos raís cara ao desastre que, quen sabe, pode que neste momento se produza na inmensidade da vista.

- Señor xefe, señor xefe!

Quen podería berrarlle con tanta insistencia, xusto neste momento! Dănuț mira cos ollos desencaixados de medo e fai un movemento cara ao armario cun impulso dende a esquina.

- Señor xefe, señor xefe... saíu, señor xefe?
- Ah... ti... é vostede... Loloi...
- Eu, señor xefe... Con quen fala, señor xefe?

O señor xefe mira medrosoo arredor. O seu corpo xa marchou antes, o seu paso xa está listo para impulsarse.

- Falaba con alguén, señor xefe?

De súpeto, na cabeza de Dănuț, fíxose a luz. Un pensamento inesperado fai sitio alí e Dănuț queda aparvado, sen saber se prestarlle atención ou non. Paréceulle que alguén se introducise nel e falase no seu lugar. Senón, como sería posible responder con ese sangue frío ao seu empregado dende a cociña?

- Si, si, falaba con alguén. Un individuo.
- Un individuo?
- Descubrín un individuo... saín un momento fóra e cando volvíñ atopei un individuo no despacho.

O corpo de Dănut treme todo el, por todas as articulacións. A suor escorrégalle por todas partes e a punta da lingua saíulle fóra por entre os beizos entreabertos. Como pode falar con tal seguridade, cando alá a súa Frosica morre, esmagada debaixo dos obxectos anicados dos vagóns?

Como pode sacudir a roupa e temer a chegada de Loloi? Como pode pensar na ira dos homes e na súa pel, cando Frosica entrega a súa alma a Deus no campo de neve?

Pero Loloi non se move da cociña; segue falando coa señora Dănuț e ambos os dous rin con ledicia.

Sen darse conta como, Dănuț continúa.

- Atopeino aquí: escoitando ás agachadas polo aparato. Díxome que quería preguntarme cando vén o tren de Prundeni...

Dănuț seguía falando, o que semella unha lección aprendida. Sobre o individuo sospeitoso que atopou na oficina, parécelle que está relacionada co seu destino.

A súa mente aférrase con desesperación a esta invención súbita, que parece que o acalma. Parécelle que de aquí vai saír a súa escapatoria.

- Á mañá mireino dando voltas...
- Paréce-me que tamén o mirei eu... engade o empregado.

- Que? É aquel? (Dixo rapidamente Dănuț, e os ollos relócenlle).
- Non era un con roupa de paisano e con botas?
- Ah, si, si... ese era.
- Vino...
- Si, si, si, ese... unha cara de, de... bolxevique.

A conversa continúa, distinguindo primeiro as faccións do individuo. Porén, na mente acabada de Dănuț unha nova esperanza de alegría comeza a xurdir, traída polo devandito home: se o choque non se producise... se Frosica escapase...

- E, definitivamente, manda ao carallo o individuo, señor xefe! Veña para acá; arrecende tan ben o caldo de repolo.
- Agardo a que se anuncie Prundeni. (Responde seco Dănuț e estremécese el mesmo da rapidez coa que responde). Señor, santo día de mañá, líbrame desta desgraza, libra a miña Frosica! (Comezan a barballar os beizos).

Ao lado o son das porcas e o son das voces facíanse cada vez máis alegres, máis animadas. Parece que Loloi lle contara un chiste, que a señora Dănuț soltara un risada con espasmos, sen fin.

Esta risada afúndese no corazón de Dănuț coma un puñal. El mirou de novo a figura de cera, manchada de sangue, de Frosica, e o frío castigouno de novo...

- Señor xefe, achéguese e escoite, señor xefe, morre de risa.

E Loloi comeza a repetir, interrompido polos arrebatos de risa da señora Dănuț. Secasí, o señor xefe non oe nada...

- Non escoita, señor xefe...
- Aham, como non...

Entón o señor xefe amosa unha especie de risada forte, que parecía que estremecía a figura pálida de Frosica, que se presentaba diante dos seus ollos.

O corazón encóllese asustado baixo a caixa do peito. Quería saír para fóra, sentía que se sufocaba. Mais lembra que ten que permanecer tranquilo dentro. Achégase á fiestra máis grande que había por enriba da mesa de carballo e observa o horizonte do medio día. Pero alá non goberna máis có azul máis perfecto e a tranquilidade máis plena. Observando inquisitivamente, non podía ver máis que aquelas catro parellas de raís, xuntándose como oito cordas nun pescozo de lira. Baixo o fulgor tremelicante do xeo, parecía que unha

man invisíbel os beliscaba sixilosamente sen seren escoitados. Ao lado, a risada, a porca medraban á présa. Loloí batía na porta con forza.

- Escoite, señor xefe, unha divertidísima, señor xefe.

Sonia Sobral Vázquez